

REAPERTURA DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE VEDRA DO 15 AO 30 DE XUÑO
* Para o alugueiro da pista e para o uso do ximnasio das persoas usuarias
*En horario de 19 a 23 horas

****MEDIDAS PREVENTIVAS DE ACCESO AO PAVILLÓN DE VEDRA do 15 AO 30 DE XUÑO**

- Non se permitirá o acceso a instalación a calquera persoa que manifeste sintomatoloxía compatible co COVID-19.
- Os menores de idade, que deberán acceder acompañados dun maior de idade que se fará responsable dos mesmos.
- Manterase a porta externa aberta e aos dous lados da porta interna haberá unha solución hidroalcohólica para os usuarios da instalación.
- Será obrigatorio acceder a instalación con mascarilla e permanecer con ela posta ata que se chegue ao lugar onde se desenvolva a actividade (pista polideportiva ou ximnasio)
- Manterase obrigatoriamente a separación mínima de 2 metros e indicarse no chan con frechas direccionais para poder manter esta distancia.
- dotarase a pista e o ximnasio en distintos puntos de dispensadores de solución hidroalcohólica, papel e papeleiras para que poidan usalo os usuarios en calquera momento.
- Non estará permitido usar os vestiarios.
- Estará permitido o acceso aos servizos. Habilitaranse papeleiras, papel e produtos desinfectantes (xel ou xabón). Non obstante a recomendación e reducir ao máximo o uso dos mesmos.
- Non estará permitido usar as taquillas. Recoméndase acudir xa coa roupa que se vaia utilizar no adestramento. Si se recomenda o uso de calzado específico.
- Aumentarase a superficie do ximnasio coa sala contigua, contando cunha superficie superior aos 200 metros cadrados. Todas as máquinas terán unha separación mínima de 2 metros.
- No ximnasio non será necesario pedir cita previa, pero si existirá control de aforo, limitado a 12 persoas por turno.
- No ximnasio estará presente no mesmo en todo momento unha persoa que vixiará que se cumpra o aforo e que realizará labores de desinfección de cada máquina despois de cada uso.
- No ximnasio, entre cada turno ou cada hora efectuaranse labores de desinfección xerais, tempo durante o que poderá pedirse aos usuarios que abandonen ese espazo.
- No ximnasio habilitarase distintos puntos con desinfectante para que os usuarios do mesmo turno colaboren co persoal na desinfección entre uso e uso as máquinas. Será obrigatorio limpar o suor caído nas máquinas tamén con este papel, non coa toalla de uso persoal.
- No ximnasio será obrigatorio o uso de toalla so para uso propio.
- Abriranse todas as portas do ximnasio para a axudar a ventilación.
- Impulsión e extracción de aire encendido no ximnasio en todo momento para favorecer a renovación.
- No ximnasio aínda que as portas estean abertas pasarase igual o control de acceso.
- Levase un control de acceso de persoas a instalación cada hora e será obrigatorio identificarse.
- Non se poderán introducir mochilas no ximnasio, nin abandonar roupa no espazo do ximnasio. Si fora coa debida separación nos espazos habilitados.
- O alugueiro de pista farase polo procedemento de reserva habitual, pero nela soamente se poderán practicar deportes ou tarefas individuais respectando a distancia de 2 metros.

VIXENCIA DAS RESTRICCIÓNS

- Do 15 ao 30 de xuño, agás que a lei estableza normas máis restrictivas. O 1 de xullo revisaranse.
- Durante o mes de xuño non se permitirán novas altas no ximnasio.